

CLASIFICACIÓN As recentes inundacións na India, Bangladesh e Nepal causaron xa preto de 1.500 mortes, mentres proliferan as enfermidades

OS MONZÓNS DE ASIA DEIXAN 20 MILLÓNS DE DESPRAZADOS

MULTITUDE DE PERSOAS ATÓPANSE FÓRA DOS FOGARES, INCOMUNICADAS E SEN COMIDA E AUGA

E.P. - Madrid

Máis de 20 millóns de persoas perderon os seus fogares na India, Bangladesh e Nepal, os países máis afectados polas inundacións causadas polas choivas monzónicas, que ademais, causaron preto de 1.500 mortes, segundo denunciou onte a ONG católica Cáritas nun comunicado no que tamen alerta sobre a proliferación de enfermidades nos campamentos que se improvisaron para acoller os desprazados. Para contribuir a paliar os efectos do monzón, Cáritas Española destinou unha partida inicial de 120.000 euros, que se suma ós esforzos que as Cárcices na rexión "venen realizando desde mediados de xuño para responder ás necesidades máis urxentes de comida, refuxio, auga potable e artigos de primeira necesidade e atención sanitaria".

En Bangladesh, máis da metade do país atópase mergullado baixo as augas e "500.000 persoas están incomunicadas sen acceso a comida ou auga potable e para chegar ata elas temos que servirnos de barcas", declarou o director do departamento de urxencias de Cáritas no país, Akhila D'Rozario.

"Uns 7,5 millóns de persoas perderon os seus fogares polas peores inundacións monzónicas que recordan en moitas décadas. A rede



Unha rúa inundada en Ahmedabad, India. As riadas das últimas semanas de xullo destruíron a

EN CHINA

Novas treboadas: 'Pabuk' e 'Wutip'

A costa oriental chinesa rexistrou fortes choivas nas últimas horas, tras a chegada da tormenta tropical 'Pabuk', que polo momento non causa vítimas, informou a axencia China News Service. Logo de provocar once mortos en Filipinas e importantes inte-

rrupcións das comunicacións en Taiwan, a tormenta tropical arribou ás provincias chinesas de Fujian e Zhejiang, e desprazase a 25 quilómetros por hora cara á sureste de Canton. Outra tormenta tropical, 'Wutip', arribará á zona asiática.

internacional de Cáritas está neste momento apoiando a Cáritas Bangladesh no repartimento de auga potable, alimentos, roupa e mantas, paquetes hixiénicos e lotes domésticos a miles de familias". Na India, onde "os responsables de urxencia de Cáritas permanecen atentos a crecida incesante dos ríos, 13,5 millóns de persoas víronse obrigadas a deixar os seus fogares en busca de refuxio e seguridade". ●

Falece unha muller ó caer da casa en Zaragoza

Unha muller de 38 anos morreu na madrugada do xoves en Zaragoza ó precipitarse ao baleiro desde o edificio no que vivía e caer a un patio interior, despois que investigara a Policía Xudicial e Científica para o seu esclarecemento. O aviso foi dado por un veciño que vivía no sexto piso e que escitou o forte golpe do corpo ó precipitarse, xa que o marido de M.L.L.S., que se atopaba na casa nese momento, afirmou á Policía que non se decatou de nada, segundo informaron os bombeiros de Zaragoza. ● EFE

Libre baixo fianza un suposto agresor en Benicarló

Un xuíz de Vinarós (Castelló) deixou en liberdade baixo fianza un home que fora denunciado pola súa patella por maltratala e retela durante doce días no domicilio que ambos comparten na localidade castellanense de Benicarló, segundo informaron fontes da Subdelegación do Goberno en Castelló e do Concello de Benicarló. A muller, de nacionalidade española, denunciou o home, de orixe árabe, por supostas agresións físicas e psicolóxicas e sequestrala no piso. ● EFE

Continúa na UCI a nena de Torrexón de Ardoz

A nena de 18 meses á que o seu pai dispartou na cabeza permanece ingresada na UCI pediátrica do Hospital 12 de Outubro de Madrid e o seu estado é "estable dentro do cadro de extrema gravidade en que se atopa", informaron onte fontes do centro. O trágico suceso ocorreu sobre as cinco da tarde do pasado día 7 cando a cativa se atopaba coa súa nai, Yolanda M., de nacionalidade española, nun parque do municipio madrileño de Torrexón de Ardoz. ● EFE

A espeleóloga belga Van Houtte, hospitalizada

A espeleóloga belga Anette Van Houtte, finalmente rescatada na madrugada do mércores da sima de Navarra na que quedara atrapada, terá que permanecer polo menos unha semana hospitalizada en Pau (Francia). Van Houtte, recuperase das fracturas sufridas nas pernas, feridas que están infectadas. Segundo Michaela Vande Castele, unha compañeira do club de espeleología de Anvers da rescatada, Van Houtte "segue coa moral alta". ● EFE

INVESTIGACIÓN As análises de ADN do sangue atopado no cuarto da cativa poderían achegar novos datos e lograr que a solución estea próxima

A Policía lusa segue a pista de Madeleine axudada polos cans

Os cans rastreadores británicos que están axudando a Policía Xudicial (PJ) portuguesa na investigación da desaparición da pequena Madeleine McCann en Praia da Luz, no Algarve, atoparon en varios lugares nos que se realizaron procuras o mesmo cheiro que os levou a descubrir vestixios de sangue na parede do cuarto que o matrimonio McCann ocupaba no apartamento cos seus fillos e do que desapareceu a nena, segundo informou onte *Jornal de Negócios*, citando fontes policiais sen identificar. O rotativo asegura que coa axuda das novas pistas

atopadas polos cans, "a PJ podería estar a piques de reconstruír o percorrido que faría o corpo que se cre é de Madeleine McCann", malia que aínda se descoñecen os resultados das análises de ADN realizadas ós vestixios de sangue atopados no apartamento do complexo hostaleiro Ocean Club.

As dilixencias dos últimos días "poderían darlle aínda máis forza" á hipótese de que a cativa morreu no apartamento, por accidente ou por homicidio. Isto porque os cans "repetiron a reacción que tiveron no cuarto dos pais de Madeleine nal-

● DATO

Cen días da desaparición

Para intentar saber onde puido acabar o corpo de Madeleine en caso de ser bectado ó mar, a Policía púxose en contacto cun especialista en correntes mariñas da Universidade do Algarve, que estivo na zona na que a Policía cre que podería ter ocorrido este feito. O saqueo comprende 100 días da desaparición da nena.

gúns sitios que volveron ser peiteados polos investigadores", di o diario. Entre os sitios que foron inspeccionados están dez vehículos, entre eles o de Kate e Gerry McCann e o do ata agora único sospeitoso formal, Robert Murat, ó que tamén lle revisaron a casa, e a zona litoral do Algarve.

O matrimonio McCann reuniuse onte de forma informal coa PJ, coa que estiveron preto de dúas horas. David Hughes, o novo portavoz da familia, explicou que "ese encontro serviu para mantelos informados sobre as investigacións" e que "Kate e Gerry saíron coa seguridade de que non son sospeitosos, polo que están moi felices e tranquilos".

Os pais de Maddie, como era coñecida familiarmente, poderían ser chamados a declarar formalmente se os resultados das probas indican que o sangue atopado no seu cuarto era da súa filla. ● E.P.